



ANUNCIO

Expediente: 2026/E001/000003

Faise público que a Xunta de Goberno Local, na súa sesión ordinaria do 18.05.2026, acordou a aprobación da Convocatoria e aprobación das Bases de selección para a inscrición da actividade Neda Concilia 2026, que se transcriben a continuación:

“BASES PARA A INSCRICIÓN DA ACTIVIDADE NEDA CONCILIA, 2026

Expediente: 2026/C002/000011

1. OBXECTO DA CONVOCATORIA E XUSTIFICACIÓN

O 11.02.2026, a Consellería de Política Social e Igualdade publicou no DOG núm. 28, a ORDE do 22 de xaneiro de 2026 pola que se establecen as bases reguladoras das subvencións do Plan Corresponsables en Galicia dirixido a entidades locais, a entidades de iniciativa social sen ánimo de lucro e a asociacións de nais e pais do alumnado de centros educativos, e se convocan para o ano 2026 (códigos de procedemento SI436A, SI436B e SI436C).

O 09.03.2026, a Xunta de Goberno Local acordou aprobar a participación do Concello de Neda para concorrer á devandita subvención en base á Memoria da alcaldía, aprobada na mesma data, para a contratación do servizo: Neda Concilia, 2026, do 06.03.2026, coas seguintes características:

- Inicio da actividade: dende o 1 ao 31 de xullo
- Lugar: CEIP San Isidro
- Datas e horarios: horario de mañá (de 08.45 a 13.45 h). A entrada poderá ter lugar ata as 10.00 h. A esta hora dará comezo as actividades.
- Modalidades: Cediño (de 08.45 a 10.00 h.) e Aprendemos xogando (de 10.00 a 13.45 h.)
- Actividades a realizar na modalidade Cediño: lectura, artes plásticas, xogos de mesa, xogos tranquilos e de movemento
- Actividades a realizar na modalidade Aprendemos Xogando: Coeducativas de igualdade e prevención da violencia de xénero, artísticas e manuais, físicas e de movemento, grupais, de ocio, animación e convivencia, medioambientais e de consumo saudable, musicais e teatrais, TIC`s, culturais e científicas, saídas á piscina e ao parque dos Subarreiros
- Destinatarios: nenas e nenos de 3 a 12 anos, escolarizados no curso 2025/2026
- Número de prazas: 90

O Concello de Neda, seguindo a súa política social e de igualdade, programa esta actividade: Neda Concilia, 2026, que programa como gratuíta e universal.

2. PUBLICIDADE, DATA DE INICIO E PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES

O Concello de Neda dará publicidade da actividade na Sede electrónica e web municipal, así como no resto de RRSS municipais, sen prexuízo de que se poida facer unha cartellaría propia, anuncios en xornais e/ou se publiquen nos lugares de costume. En todo caso a publicidade realizarase nos colexios municipais.

As solicitudes presentaranse no Rexistro Xeral do Concello o en la Sede electrónica municipal, sen prexuízo de que poidan presentarse tamén conforme ao sinalado no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (BOE núm. 236, do 02.10.2015), (en adiante LPAC).

O prazo de presentación de solicitudes de participación presentarase conforme ao modelo que figura no Anexo I e comezará o 20.05.2026 e será de dez (10) días naturais (ata o 29.05.2026). Finalizado este prazo, só se poderán seguir a solicitar prazas previa consulta da posible dispoñibilidade de prazas vacantes por non se cubriren na súa totalidade ou no suposto de que non haxa lista de agarda.

No caso de presentar a solicitude nun lugar distinto ao do Rexistro do Concello de Neda, as persoas aspirantes deberán remitir unha copia da solicitude na dirección de correo electrónico:

Mediante o Código de verificación (CVD) impreso no lateral esquerdo deste documento, pode Vde. verificar a integridade autenticidade do mesmo na sede electrónica municipal: <https://sede.neda.gal>



correo@neda.gal, no mesmo día da súa presentación nos lugares indicados no artigo 16.4 da LPAC, e sempre que sexa dentro do prazo de presentación das solicitudes de participación.

3. CRITERIOS DE SELECCIÓN

A inscrición para o servizo Neda Concilia, 2026 realizarase nas seguintes condicións:

No suposto de que o número de solicitudes sexa maior ao número de prazas ofertadas, noventa (90), un Comité técnico realizará unha valoración das solicitudes de acordo cos criterios sinalados pola subvención da Consellería de Política Social e Igualdade (artigo 7.1.b)), confeccionará unha listaxe de inscritos con praza, de excluídos e unha lista de agarda nos seguintes termos:

En todo caso, terán preferencia as inscricións das nenas e nenos empadroados en Neda. Neste sentido, a inscrición implica a aceptación destas bases e o consentimento expreso a consultar os datos no Padrón municipal.

De acordo co anterior, o Comité técnico confeccionará a devandita listaxe a cal será publicada no Taboleiro de anuncios e na Sede electrónica do Concello, concedendo un prazo de alegacións e/ou emendas, se é o caso.

Para a realización desta listaxe, terase en conta os seguintes criterios ou prioridades:

Será criterio de valoración preferente no acceso aos servizos de coidados profesionalizados o nivel de renda per cápita das unidades familiares solicitantes, salvo casos debidamente xustificadas de necesidade inmediata de prestación do servizo.

Para calcular a renda per cápita familiar utilizarase a declaración do IRPF (modelo 100) da unidade familiar, que suma a base imponible xeral e a do aforro, restando a cota resultante. (cadro 435 + cadro 460 - cadro 595).

Unha vez ordenadas as solicitudes por orde crecente de renda per cápita das unidades familiares, no caso de empate, terán preferencia no acceso aos servizos os seguintes colectivos:

- Familias monoparentais
- Mulleres vítimas de violencia de xénero e doutras formas de violencia contra as mulleres
- Persoas con discapacidade
- Persoas en risco de exclusión social
- Persoas solicitantes de asilo internacional ou con estatuto de refuxiado/a
- Unidades familiares nas cales existan outras responsabilidades relacionadas cos coidados de familiares ou persoas dependentes ao seu cargo. Tal circunstancia acreditarase documentalmente.
- Familias monoparentais ou familias con proxenitores e/ou titores traballadores.

En caso de querer acollerse a calquera das prioridades deberá achegarse xunto a solicitude as xustificacións axeitadas.

O Comité técnico estará composto por, cando menos, tres funcionarios ou empregados públicos do Concello de Neda que deberán estar presentes en todo momento, tanto para a súa constitución como para o funcionamento do Comité. Os membros do Comité non terán o carácter de permanente, podendo ser substituídos en caso de ausencia por outros nos supostos de que se precisase máis dunha xornada de avaliación, sempre que se manteña o seu número que será, cando menos, de tres funcionarios ou empregados públicos.

O Comité técnico adoptará os acordos necesarios para o axeitado desenvolvemento do proceso de inscrición, resolverá e interpretará cantas dúbidas ou cuestións puideran existir e adoptará os acordos necesarios para a avaliación das solicitudes e a confección dunha listaxe ordenada de inscritos, especificando as solicitudes que acadan praza, as excluídos e aquelas outras que forman parte da listaxe de agarda para o caso de que existan renuncias ou desistencias.



O Comité técnico levantará acta da confección da listaxe ordenada que, unha vez elaborada, será xestionada polos servizos municipais.

4. FORMACIÓN DA LISTAXE DE ADMITIDOS CON PRAZA, EXCLUÍDOS E LISTA DE AGARDA

Naqueles supostos de renuncias ou desistencias, os servizos municipais xestionarán vía telefónica os chamamentos en base a orde de prelación establecida polo Comité técnico.

Tanto as renuncias como as desistencias deberán realizarse por escrito e presentarse no Rexistro Xeral do Concello o en la Sede electrónica municipal, sen prexuízo de que poidan presentarse tamén conforme ao sinalado no artigo 16.4 LPAC.

As renuncias e desistencias, así como o abandono da actividade sen causa xustificada e solicitude por escrito segundo se dixo no parágrafo anterior será causa de penalización, perdendo o dereito a participar nas vindeiras dúas (2) edicións de calquera outra actividade municipal calquera membro da unidade familiar.

5. REUNIÓN PREVIA AO INICIO DA ACTIVIDADE COAS FAMILIAS

Os responsables do Concello e a empresa adxudicataria dese servizo realizarán unha reunión coas familias das nenas e nenos admitidos da que se dará publicidade suficiente coa antelación debida.

Neda, 15 de maio de 2026.

Asinado pola Concelleira de Educación, Deportes e Igualdade, Ángeles Puentes Maceiras.

Anexo I: Solicitude de preinscrición

Preinscrición da actividade: Neda Concilia, 2026	
Plan Corresponsables en Galicia*	
*Cofinanciada pola Consellería de Política Social e Igualdade e polo Ministerio de Igualdade	
Datos da persoa responsable da/o menor	
Nome e apelidos	
DNI	
Enderezo	
CPI/Localidade	
Teléfono móbil	
Correo electrónico	
Datos da/o menor	
Nome e apelidos	
DNI	
Data de nacemento	
Escolarizado curso 2025/2026	
DECLARA:	
I. Que desexo inscribir ao menor na actividade Neda Concilia, 2026.	
II. Que acepto as Bases publicadas desta actividade	
III. Que dou o meu consentimento expreso a consultar os nosos datos no Padrón municipal	
IV. Que segundo as miñas condicións persoais sinalo as seguintes criterios ou prioridades (pódese marcar máis dunha opción)	
<input type="checkbox"/>	Participante empadroadado no Concello de Neda (autorización expresa á consulta no Padrón de habitantes)
<input type="checkbox"/>	Familia monoparental
<input type="checkbox"/>	Mulleres vítimas de violencia de xénero e doutras formas de violencia contra as mulleres
<input type="checkbox"/>	Familia en situación de emerxencia social derivada de Servizos Sociais e mulleres vítimas de



<input type="checkbox"/>	violencia de xénero
<input type="checkbox"/>	Persoas con discapacidade
<input type="checkbox"/>	Persoas en risco de exclusión social
<input type="checkbox"/>	Persoas solicitantes de asilo internacional ou con estatuto de refuxiado/a
<input type="checkbox"/>	Unidades familiares nas cales existan outras responsabilidades relacionadas cos coidados de familiares ou persoas dependentes ao seu cargo. (Tal circunstancia acreditarase documentalmente)
<input type="checkbox"/>	Familia monoparental
<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/> Nai traballadora <input type="checkbox"/> Pai traballador
<input type="checkbox"/>	Familia con proxenitores e/ou titores traballadores
<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/> Nai traballadora <input type="checkbox"/> Pai traballador <input type="checkbox"/> Ámbolos dous
DOCUMENTACIÓN QUE SE ACHEGA	
I. Todas as presinscricións deberá ir acompañadas, cando menos, do padrón municipal e dos datos económicos (no suposto de non autorizar a consulta no padrón municipal de habitantes ou ser doutro Concello, do IRPF de todas as persoas da unidade familiar)	
II. Documentación acreditativa dos criterios ou prioridades preferentes (Certificados e/ou documentación acreditativa dos criterios ou prioridades que se aleguen)	
Polo exposto, SOLICITO: Que admitan ao menor no programa Neda Concilia, 2026	
Sinatura: _____	
Sr. Alcalde-Presidente do Concello de Neda	

Neda, asinado dixitalmente polo alcalde Ángel Alvaríño Saavedra.